



## Concurso de Fotografía Matemática 2023



A Asociación Galega do Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA) da zona da Coruña convoca para estudantes e adultos o XV Concurso de Fotografía Matemática. Para facilitar a participación do alumnado do noso centro, o departamento de Matemáticas organiza unha **fase de centro** que se rexerá polas seguintes:

## Bases

### 1. Tema das fotografías: As Matemáticas.

Suxírese en particular o tema das "As matemáticas dos volcános", xa que é o lema do Día Escolar das Matemáticas para o ano 2023.

### 2. Formatos: Tamaño de impresión mínimo 15 cm x 20 cm, máximo 20 cm x 30 cm e peso máximo das fotografías dixitais, 1,5 Mb

### 3. Título e texto: A fotografía debe levar un título que a relate ao seu contido matemático. O título tentará ser orixinal e atractivo e será tamén avaliado polo xurado. Ademais, deberá ir acompañada dun texto descriptivo/explicativo sobre a vinculación da imaxe co mundo matemático, cunha extensión máxima de 100 palabras.

### 4. Propiedade: As fotografías deben ser orixinais, non se admitirán imaxes de montaxes, nin de manipulación dixital. Deberá acreditarse a propiedade intelectual das imaxes presentadas.

### 5. Número de fotografías: Cada participante poderá presentar un máximo de 3 fotografías.

### 6. Concursantes: poderá participar todo o alumnado matriculado na Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO) no centro.

### 7. Premios.

Os premios consistirán en tres vales de material didáctico.

**1.º premio:** vale de 30€

**2.º premio:** vale de 20€

**3.º premio:** vale de 10€

Os premios poderán ser declarados desertos.

### 8. Prazo de entrega: As persoas participantes deben entregar as súas fotografías nunha tarefa da aula virtual do seu profesor/a de matemáticas ata o día 14 de marzo de 2023 (inclusive).

### 9. Aceptación bases: A participación no Concurso implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a decisión do xurado que será inapelable.

### 10. Xurado: Un xurado formado por profesores e profesoras de Matemáticas do centro elixirá as fotografías gañadoras e seleccionará un máximo de 20 fotografías que serán inscritas no concurso de fotografía "XV Concurso de Fotografía Matemática". Cada participante só poderá obter un premio.